

Resolución núm. 2021/4971

## RESOLUCIÓN

Cesamento de don Andrew George Mcbeth como asesor político do grupo político de Democracia Ourense

Unha vez visto que o día 30 de marzo de 2021 esta Presidencia ditou resolución na que se nomeaba como persoal eventual a don Andrew George Mcbeth coa categoría de Asesor Político do Grupo Político de Democracia Ourense.

Unha vez visto que o Pleno da Corporación, na súa sesión ordinaria do día 28 de maio de 2021, adoptou o seguinte acordo: “Aprobar inicialmente a modificación da Base 67ª das de execución dos orzamentos provinciais para o exercicio 2021, con efectos do 1 de xuño de 2021, no seguinte sentido: *Letra d) persoal eventual ao servizo dos grupos políticos: onde di O Grupo de Democracia Ourense disporá dun asesor técnico e un administrativo, debe dicir, O Grupo de Democracia Ourense disporá dun administrativo*”.

Considerando que o artigo 104 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local regula ao persoal eventual.

Polo exposto, DISPOÑO:

1.- Declarar o cese de don Andrew George Mcbeth como Asesor Político do Grupo Político de Democracia Ourense con efectos do día 1 de xuño de 2021.

2.- A presente resolución será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa inmediata executividade e da súa notificación ao interesado.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

Asinado electrónicamente por JOSE  
MANUEL BALTAR BLANCO  
Presidente da Deputación de Ourense  
01/06/2021 - 12:45:48

Asinado electrónicamente por  
ADAMANTINO BARREIRO GARCIA  
Vicesecretario Xeral  
01/06/2021 - 12:54:41